

San Salvador, o primeiro agradecemento de Cristóbal Pedro Colón

Juan Antonio Loureiro Vázquez

O descubrimento do camiño para chegar as terras que están ao outro lado do Atlántico, atribúeno para si numerosos países antes de que o fixesen os españois, entre outros os vikingos, que conquistaron Islandia no século X –descuberta e colonizada anteriormente polos irlandeses – e desde alí estableceron colonias e pesqueiras en Groenlandia. Pero tamén os portugueses atribúen o descubrimento a Juan Ramalho, os irlandeses a San Barandán, os franceses a Jean Coussin, e así unha longa listaxe de predescubridores, na que non faltan polacos, alemáns, fenicios, etruscos e ata personaxes como Ulises, ao cal atribúe Dante Alighieri o descubrimento, cando o entrevista no inferno da súa Divina Comedia, por mediación de Virxilio, e pon na súa boca que morreu en terras lonxe das columnas de Hércules, seguindo o Sol, con rumbo suroeste e coa popa cara a oriente.

Hai moitas razóns para ser escépticos, en canto a chegada de expedicións organizadas a terras americanas antes da de Colón, unha das principais é o descoñecemento da roda por parte dos indíxenas americanos; non obstante non debemos descartar a posibilidade de que algunha embarcación, arrastrada por ventos e tempestades, tocara terras americanas e trouxese as novas da súa existencia.

Neste sentido especúlase coa posibilidade de que Colón soubese desas novas, en 1484 nas Azores, recibidas directamente dalgún deses mariñeiros, entre os que se atopan nomes como: Franco Niño, Alonso Sánchez, Pero Fernández, Juan de Umbría, Pero Francés ou Juan Bermúdez. Tamén se

cre que Colón mantivera conversacións con Pero Vázquez, un mariñeiro español que posiblemente chegara ata o mar dos Sargazos nun barco portugués.


A illa á que os nativos chamaban Guanahaní, e que Colón describiu como: “esta isla es *bien grande* y muy llana”, hai certas dúbidas entre se foi a illa de Watling ou a illa de Cat, nas actuais Bahamas –antigas Lucayas-, pero o que é ben certo é que, a esa primeira illa descuberta, Colón bautizoua co nome de San Salvador. Podía poñerlle El Salvador, ou La Salvadora, pero non, nomeouna tal como se festexa nas parroquias de Lérez e de Poio: “San Salvador”, denominación que por aquel tempo só existía en Galicia.

No mesmo arquipélago, á segunda illa que pisou Colón, chamoulle Santa María (agora chamada Run Cay), que

o navegante elixiu entre as outras, con esta explicación: “Por ende, yo miré por la más grande y aquella determine de andar”; Santa María era a parroquial de Pontevedra, e tamén era o nome do seu porto. Ademais das coincidencias santorais de San Salvador e Santa María, quero resaltar os xiros filolóxicos, escritos con cursiva, que coinciden cos do noso idioma, dos que falaremos máis adiante.

Por como empeza este artigo, os lectores xa terán deducido que vai tratar da máis que probable orixe galega do descubridor oficial do continente americano.

Con respecto a Colón, un dos máis grandes personaxes que fertilizou a historia, séguense mantendo numerosas incógnitas, sobre todo en canto á súa orixe, e incluso no



Homónimos na Ría de Pontevedra dos nomes postos por Colón nas Costas do Novo Mundo.
 FONTE: MOSQUEIRA MANSO, J.M. La cuna gallega de Cristóbal Colón. Bos Aires: Editorial Citania, 1961, pp. 98-99

que se refire aos seus restos. Non se concibe moi ben que aínda agora, sigan algúns autores engadíndolle o nacemento de Colón, o rabelo da súa probable orixe xenovesa. En que se basean? Onde figura escrito o seu nome en italiano? Que lugares bautizou con nomes de accidentes xeográficos italianos? Por que se fose italiano ía agachar a súa orixe? Por que nunca dixo unha palabra en italiano? Supoñemos que as primeiras especulacións que o consideran italiano, nacen de certas declaracións atribuídas ao seu fillo Fernando, cando trataba desesperadamente de recuperar os dereitos da súa familia, estipulados nas Capitulacións de Santa Fe (Granada), asinadas o 17 de abril de 1492. Ese erro sostido durante moitos anos, converteuse, para algúns, en dogma.

A primeira vez que tomei conciencia de que Colón era galego, foi a mediados dos anos 50 do século pasado, tiña aproximadamente 12 anos e lin un libro titulado, "*Galicia Patria de Colón*". Prestáramo un home que vivía no Cruceiro, onde empeza a Costa de Ferrás, que lle chamaban señor José, o "Chuchajuesos". Cito o alcume para unha mellor identificación, pero co maior respecto e incluso con admiración por un home, que xa naqueles tempos, tiña na súa casa cerca dunha ducia de libros.

O citado libro, fora editado na América, e facía unha defensa da orixe galega de Colón, baseada na utilización de nomes propios das nosas costas, para designar as novas zonas xeográficas descubertas. Falaba tamén, ese libro, das persoas, de procedencia galega, que axudaran o navegante antes da súa primeira viaxe. Así mesmo, citaba os documentos notariais recompilados por Celso García de la Riega, que acreditaban as familias con apelido Colón en Pontevedra.

E, por suposto, entre os numerosísimos datos, tamén facía mención do letreiro "*OS DO CERCO DE JOAN NETO E JOAN DE COLÓN FIXERON ESTA CAPELLA*", atopado nun altar da Basílica de Santa María. Ademais citaba moitas palabras como (*espeto, ventaban, forcado, boi, fomo, fuso, amañar, corda, etc*), e xiros como "*un pedazo de día*", propios da nosa lingua, e que el utilizou nos seus escritos.

Por outra parte, aparecen neste libro, referencias ao uso do S que fai Colón nos seus escritos para o son X (*Suana por Xuana, ou de la Cosa por da Coxa*), tamén citaba e documentaba as celebracións, coincidentes con festividades pontevedresas, feitas por Colón.


O primeiro que defendeu a galegitude de Colón foi o insigne pontevedrés, citado no parágrafo anterior, Celso García de la Riega (1844-1914), a quen acusaron de falsear documentos –os cales, agora cos métodos modernos, xa está demostrada e aceptada a súa autenticidade- e outras calumnias. Fixeron esas críticas negativas, non só persoas alleas, senón tamén algunhas da nosa terra. Neste sentido, hai unha teoría de Hipólito de Sá, que di que os intelectuais galegos do norte, os da Coruña, encabezados por Murguía, vían con malos ollos o feito de que en Pontevedra xurdise un núcleo cultural con importantes faladoiros como o da casa do Arco dos irmáns Andrés e Xesús Muruais, ou o de Casto Sampedro na rúa da Oliva, na casa de Concepción Arenal, nas que participaba o propio de la Riega e o seu cuñado Gerardo Álvarez Limeses, dando lugar a revistas como Galicia Moderna.

A animadversión cos do norte era grande e plasmábase na defensa de hipóteses como as dos antepasados Celtas ou Helénicos, algo que non tiña

porque ser incompatíbel, pero que estes dous grupos defendían como unha pelexa entre Breogán e Teucro, que levados ao papel serían o enfrontamento da "*Galicia*" de Murguía coa "*Galicia Antiga*" de García de la Riega. Eran eses os tempos do nacemento do galeguismo e dalgunhas institucións coma a Real Academia Galega, da que García de la Riega renunciou a ser membro, porque estaba dirixida por Murguía. Foi quizais por iso que esa institución mostrouse contraria a tese de Colón galego.

Ademais do libro "*Colón Español*" de Celso G. de la Riega, e de "*Galicia Patria de Colón*", (Imp. P. Fernández, Habana 1923) antes citado, de Enrique Zas, hai varios que inciden sobre este tema, entre os que podemos citar: Calzada, Rafael, *La Patria de Colón*, Editorial Juan Roldán, Buenos Aires, 1920. Otero Sánchez, Prudencio; *España Patria de Colón*, Biblioteca Nueva, Madrid 1922. E Mosquera Manso, José M.; *La Cuna Gallega de Cristóbal Colón*, Editorial Citania, Buenos Aires, 1961.

Neste último libro, o autor, que é mariño e oceanógrafo, fai unha descrición precisa dos lugares descubertos, engadindo mapas dos homónimos nas costas galegas. Ademais reproduce unha relación de 15 documentos notariais ou de actas dos séculos XV e XVI, nos que aparecen os nomes Domingo Colón, Cristóbal Colón, Bartolomé Colón, Diego Colón, etc. que xa recompilara de la Riega. Por outra parte, tanto o señor Mosquera Manso como os seus predecesores no tema, dan razóns polas que Colón ocultou a súa identidade, case sempre dirixidas en dúas direccións: a teima contra os galegos por parte dos Reis Católicos, e a súa suposta procedencia xudía. Dentro da miña modesta opinión, estas razóns (teima aos galegos e procedencia xudía) sempre me pareceron estrañas e pouco fiables se se aplicaban de forma xeneralizada, porque a teima



Sinatura dunha carta de Cristovo Colón, datada en Granada, a 6 de novembro de 1502 e dirixida aos Reis Católicos.
 FONTE: PHILIPPOT ABELEDO, A. Colón, galego. O almirante das mil facianas. Noia (A Coruña): Editorial Toxosoutos, 2006, p. 101

era, sobre todo, contra os señores feudais -aínda que a sufrira o pobo-, e con respecto a ser xudeu, aínda non se producira a expulsión, polo tanto non tiña porque ocultalo, ademais resulta raro que un xudeu converso, utilizase acotío, como expresión rogatoria, a trindade “Xesús, María, Xosé”.

No ano 2006 apareceu o libro de Philippot Abeledo, Alfonso; *Colón, galego*, Editorial Toxosoutos S.L., Noia, 2006, no cal o autor, despois de facer unha análise das diferentes hipóteses sobre a orixe do Almirante, fai un paralelismo entre a vida de Colón, e a de Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga), concluíndo que son a mesma persoa. Neste libro tamén se fala da toponimia do descubrimento coincidente coa das costas galegas, e tamén fai unha relación dos máis de trescentos vocábulos galegos empregados por Colón nos seus escritos, e sobre todo fai un estudo da misteriosa sinatura autógrafa que aparece en 15 cartas do Almirante, con forma de anagrama piramidal, dándolle significado ás diferentes iniciais que forman unha árbore xenealóxica dos Soutomaior, que se pode resumir, dicindo que as iniciais A. S. refírense a Álvarez Soutomaior, e Xpo equivale a Cristovo Pedro.

Historicamente esta coincidencia é posible, xa que Pedro Madruga era fillo bastardo de Fernán Eanes (Yáñez) de Soutomaior, que entre

outras actividades e títulos era capitán de navío, quen o recoñeceu como tal fillo bastardo no seu testamento, encargándolle a súa educación a frei Estevo de Soutelo, no mosteiro de Santo Domingo de Tui, chegando a ser ordenado clérigo e nomeado cóengo da Catedral de Tui. Alvaro Paez de Soutomaior, herdeiro legal, non tivo descendencia e lexitimou como herdeiro o seu medio irmán Pedro, feito que se produciu tras a morte de Álvaro en 1468.

En 1469 Pedro casou con Teresa de Távora, e tivo varios fillos, entre eles Álvaro e Cristóbal dos que despois falaremos. Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga), Vizconde de Tui, Conde de Camiña e Mariscal de Baiona, era amigo de Afonso V de Portugal, quen casaría con Xoana de Castela. Na guerra de Sucesión de Castela, Pedro Madruga loitou a carón do rei de Portugal, defendendo os dereitos de dona Xoana. Este feito si que é moi importante, tanto como para ocultar o nome ou desaparecer, e mais cando os reis lle sacaron as terras e déronllas ao seu fillo Álvaro, que era leal á causa deles.

Para explicar a teima contra os galegos temos que situarnos no contexto histórico da época, cun pobo galego con fama de belicoso (poucos anos antes producírase a

Revolta Imandiña de 1467-69), e cuns reis, Isabel e Fernando, cuxo título de Católicos –outorgado polo papa español Alejandro VI (Rodrigo Borgia)– non garantía que fosen modelos de bondade e caridade cristiá. A raíña Isabel preséntana algúns autores, como unha muller prudente, incluso algúns como, Jose María Pemán, na súa Historia de España, cítana de forma poética como “la bella reina de los ojos azules”, o cal contribuíu á súa mitificación, feito que non pode tapar a realidade da súa ambición que a levou a usurparlle o trono a súa sobriña Xoana, herdeira lexitima de Enrique IV.

A disputa polo trono motivou a Guerra de Sucesión de Castela (1475-1479), tras da cal, algúns nobres galegos que defenderan os dereitos de dona Xoana, foron privados das súas posesións e incluso, nalgún caso, da vida (Pardo de Cela e mailo seu fillo). Por outra parte, o rei Fernando parece que era un elemento ao que “había que botarlle de comer a parte”, foi idealizado como modelo de *príncipe* por Maquiavelo, con todo o que elo conleva de xustificar os medios con tal de conseguir o fin perseguido, aínda que iso supoña atentar contra a vida do xenro, ou encerrar a propia filla.

En tal situación enténdese moi ben que Pedro Madruga fuxira a Portugal, onde se ocupou de negocios marítimos, ata que en 1486 foi a Alba de Tormes, a ver o seu amigo, o Duque de Alba, e desaparece. Pero, é verdadeiro que morreu? Ou cambiou de nome, adoptando o da súa nenez e converténdose en Cristobal Colón?

Se realmente Colón procedía dunha familia nobre, desaparecen moitas dúbidas que se tiñan, e empezan a encaixar cousas que antes parecían sorprendentes, como que soubese latín, ou que casase coa nobre portuguesa,

Felipa Muñiz Perestrelo (nai de Diego Colón). Onde se viu, no século XV, que un fillo dun tecedor, ou un simple mariñeiro, casase cunha dama da nobreza?, pero se el era nobre xa no existía tal matrimonio morganático.

Tamén era estraño o importante apoio que lle proporcionou a Colón o clero. Desde frei Juan Pérez na Ravida, pasando polo Cardenal Mendoza (pai de tres fillos con Mencía de Lemos e ademais tío político de Beltrán de la Cueva), e sobre todo da importante mediación dun personaxe con raíces galegas na familia dos Churruchoas. Estou referíndome ao arcebispo Diego de Deza, con cargos na Corte, de Capelán Maior e confesor real, a quen se lle recoñece o seu importante labor, no monumento arquitectónico a Colón en Madrid, aparecendo a súa representación no lado este do monumento.

Outro feito que me parecía estraño era a viaxe de Colón a Alba de Tormes e preguntábame de onde proviñan as relacións coa Casa de Alba, ata o punto de casar o seu fillo Diego Colón con María Álvarez de Toledo, neta do primeiro Duque de Alba. Tamén ten explicación agora. A viaxe que fixo ao Novo Mundo en 1509, Fernando Colón acompañado de Cristóbal de Soutomaior (un dos fillos de Teresa de Távora e de Pedro Álvarez de Soutomaior –Pedro Madruga). Este fillo de Pedro Madruga foi, oficialmente, o primeiro nobre que pisou América sendo acollido na súa casa por Diego Colón, como un irmán, tal como o describe Frei Bartolomé de las Casas “ *fuese a vivir a aquella Isla (La Española) un caballero gallego, don Cristóbal de Sotomayor, ... el dicho don Cristóbal vino solo y mondo, como dicen, con solos sus criados, harto pocos, y no traía de Castilla un cuarto para gastar*”.

Citei anteriormente a Frei Bartolomé de las Casas, que xunto con Fernando Colón, son os que escribiron

as obras referentes o descubrimento, máis próximas, no tempo, a Colón. Naceu Fernando Colón en 1488, sendo fillo de Colón e da súa amante cordobesa Beatriz Enríquez. Escribiu –ou atribúeselle– o libro “*Historia del Almirante*” editado en Venecia, despois da súa morte, con moitas dúbidas sobre a súa total autenticidade, non sobre as crónicas das viaxes, pero si sobre a vida do seu pai. Frei Bartolomé de las Casas é o autor do libro: *Historia general de las Indias*; foi contemporáneo de Diego Colón, de feito antes de ser freire fora encomendeiro na Española, cando Diego Colón era gobernador desa illa, a raíz do coñecido como Semón de Adviento, pronunciado polo dominico frei Antón de Montesinos en decembro de 1511, onde lles preguntaba aos encomendeiros e ao propio Diego Colón “*¿Con qué derecho tenéis en tan cruel y horrible servidumbre a estos indios?*”, negándolles incluso a comunión, Bartolomé de las Casas convértese no gran defensor dos indios e no impulsor das leis –primeiras sobre dereitos humanos– para protexelos (Leyes de Burgos de 1512 e Leyes Nuevas en 1542).

A fonte principal da que sacaron os datos referentes ás viaxes de Colón, seguramente foi unha copia do “Diario de a bordo” do Almirante. O “Diario” orixinal nunca apareceu, hai constancia de que foi entregado, en Barcelona, por Colón aos Reis, para que fixesen unha copia para os Archivos Reais, pero nunca lle foi devolto a Colón. Por unha carta da Raíña datada en setembro de 1493, sabemos que despois de reclamarlo Colón, foille enviada unha copia (“*Con este correo vos envío un traslado del libro que acá dejastes*”, –Documento 70. Tomo II. En: FERNÁNDEZ DE NAVARRETE, M. *Colección de los viajes y descubrimientos*. Madrid, 1825).

E posible que algunha anotación ou algunha conmemoración que figurase no “Diario de a bordo”, como

por exemplo a celebración, con festa e moitos tiros de lombarda, o 18 de decembro de 1492, día de Santa María da O, patroa de Pontevedra, fixese desconfiar os Reis da súa verdadeira identidade. Hai opinións respecto de se os Reis coñecían a procedencia de Colón da nobreza galega, antes da primeira viaxe; por unha carta, dos Reis, de data 14 de marzo de 1502, a propósito dos privilexios que lle correspondían, dedúcese que o souberon despois: “*y sabeis el favor con que os hemos mandado tratar siempre y agora estamos mucho más en vos honrar e tratar muy bien*”.

Seguimos con moitas incógnitas referentes non só a Colón, senón con todo o relacionado co descubrimento. Unha desas cousas enigmáticas e o sorprendente encabezado das capitulacións de Santa Fe, feitas polo meticoloso secretario Juan de Coloma, onde fala do que “ha descubierto Colón en las mares oceánas”: *Las cosas suplicadas e que vuestras altezas dan e otorgan a don Christoval de Colón en alguna satisfacción de lo que ha descubierto en las mares oceanas, y del viaje que agora, con el ayuda de Dios, ha de fazer por ellas en servicio de vuestras altezas, son las que siguen:.....* (Archivo de la Corona de Aragón, reg. nº 3569, fol. 135v.).

Parece que Colón xa descubriera terras con anterioridade e, como veremos despois, sabía o rumbo que tiña que seguir para chegar a elas. Esta certeza de conseguir os obxectivos explica a participación na primeira viaxe, tanto na propiedade dos barcos como na tripulación, de determinadas familias. Sabemos que a nao Santa Maria, tamén chamada A Galega, era propiedade de Juan de la Cosa e fora construída nos estaleiros da Moureira (segundo consta nun contrato que se conserva no Museo de Pontevedra); esta nave capitaneábaa Cristóbal Colón, o propio Juan de la Cosa facía funcións de mestre, e o piloto era Alonso Niño.

A Pinta, que capitaneaba Martín Alonso Pinzón, suponse que era propiedade dos irmáns Pinzón (aínda que algúns historiadores din que era propiedade dun mariñeiro chamado Cristobal Quintero, que formaba parte da tripulación), exercía de mestre Francisco Martín Pinzón, e de piloto Cristóbal García Sarmiento.

A Niña era propiedade de Juan Niño, que exercía nela de mestre, sendo o capitán Vicente Yáñez Pinzón, e o piloto Sancho Ruiz de Gama. Entre os 87 tripulantes dos tres barcos –39 na Santa María, 26 na Pinta, e 22 na Niña – figuran tres dos nomes citados ao principio como predescubridores: Juan Bermúdez, Juan de Umbría e Franco Niño; e precisamente moi rechamante que da familia Niño, embarcasen, na primeira viaxe, 7 persoas: Juan Niño, propietario da Niña, o seu fillo Alonso, seus curmáns Bartolomé e Alonso Pérez Niño, e os seus sobriños Andrés, Cristóbal e Franco Niño. Parece lóxico pensar que os propietarios dos barcos, sabían con certeza que a expedición, a pesar do risco, tiña garantido o éxito, e por iso expuxeron non só o capital, senón as súas vidas e as dos seus familiares.


Parece tamén lóxico pensar que Colón coñecía o rumbo que tiña que seguir, de maneira que descendeu ata as Canarias –suponse que para aproveitar mellor os ventos alisios- e despois, desde a Gomera, puxo rumbo oeste seguindo case que a liña do paralelo 28, sen cambialo, salvo os incidentes producidos no Mar dos Sargazos, deica o día 6 de outubro, que despois dunha discusión con Pinzón accedeu a varialo lixeiramente ao sudoeste, topándose así coas Bahamas na latitude de 25° N. No caso de non cambialo, chegaría á península da Florida nas mesmas datas.

Na viaxe de volta, a Pinta e a Niña, tomaron inicialmente rumbo noreste, e despois rumbo este seguindo a liña de

latitude 40° N., por iso sorprende moito que Colón desde as Azores se dirixise a Lisboa, e non a un porto español, como fixera Martín Alonso Pinzón que arribara en Baiona o 1 de marzo de 1493; sorprende tamén que non indique a súa situación e incluso que a falsee, na parte final da carta que lles escribe aos Reis contándolles os pormenores do descubrimento, onde di: *Fecha en la carabela (Niña), sobre las Islas de Canaria a XV de Febrero. Año Mil CCCCL XXXXIII. Fará lo que mandareys, El Almirante.*

Evidentemente Colón non as tiña todas consigo. A Historia móstranos que tiña razóns de abondo para ser precavido e aínda así trouxérono preso na terceira viaxe, e déronlle un trato humillante no cuarto.

Colón morreu no ano 1506 en Valladolid, foi enterrado na igrexa do convento de San Francisco, onde tamén fora enterrado Fernán Yáñez de Soutomaior. Os seus restos foron trasladados, en 1509, a Sevilla, e anos despois, por mandato do seu fillo Diego, á Catedral de Santo Domingo. No século XVIII leváronos para a Habana, e despois da Independencia Cubana voltaron para Sevilla. Para seguir mantendo incógnitas, tal como dicíamos ao comezo, no ano 1877 apareceron en Santo Domingo restos nunha caixa de chumbo, co nome de Cristobal Colón, estes restos, agora, están depositados nun monumento chamado Faro de Colón, na propia República Dominicana.



“O Cruceiro de Colón”, de Porto Santo, fronte ás ruínas da casa na que a tradición di que naceu Cristobal Colón. Na base do cruceiro está a seguinte inscrición: “Joao Colón. Ro- Año 1490”.
 FONTE: MOSQUEIRA MANSO, J.M. *La cuna gallega de Cristobal Colón*. Bos Aires: Editorial Citania, 1961, p. 109